

Anuncio do 4 de agosto de 2008 polo que se somete a información pública e consultas o proxecto sectorial do parque empresarial de Mos-Redondela (Pontevedra) e o informe de sustentabilidade ambiental do proxecto sectorial do parque empresarial de Mos-Redondela.

En cumprimento do disposto no artigo 25 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e no artigo 13 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal; na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente; na Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia e tendo en conta o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 31 de xullo de 2008 sobre o inicio dos trámites para deixar sen efecto o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de maio de 2004, sométese para os efectos e durante os prazos que logo se precisan a seguinte documentación:

-Proxecto sectorial do parque empresarial de Mos-Redondela (Pontevedra) e informe de sustentabilidade ambiental do proxecto sectorial do parque empresarial de Mos-Redondela: sométese a información pública e consultas durante o prazo de dous meses contados a partir da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para os efectos da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia; da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia e da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.

Durante os prazos referidos, calquera persoa poderá examinar a dita documentación, en horario de oficina, nas dependencias da Consellería de Vivenda e Solo, sitas no Polígono das Fontiñas, Área Central, s/n, Santiago de Compostela, e nos concellos de Mos e Redondela, e presentar ante esta consellería as alegacións, documentos e xustificacións que estime pertinentes.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2008.

Daniel Pino Vicente
Director xeral do IGVS

Anuncio do 4 de agosto de 2008 polo que se somete a información pública e consultas o proxecto sectorial do parque empresarial da Barbanza, nos concellos de Ribeira e A Pobra do Caramiñal, e o informe de sustentabilidade ambiental do proxecto sectorial do parque empresarial da Barbanza.

En cumprimento do disposto no artigo 25 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do

territorio de Galicia e no artigo 13 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal; na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente; na Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia e tendo en conta o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 31 de xullo de 2008 sobre o inicio dos trámites para deixar sen efecto o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais na Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de maio de 2004, sométese para os efectos e durante os prazos que logo se precisan, a seguinte documentación:

-Proxecto sectorial do parque empresarial da Barbanza, nos concellos de Ribeira e A Pobra do Caramiñal e informe de sustentabilidade ambiental do proxecto sectorial do parque empresarial da Barbanza, nos concellos de Ribeira e A Pobra do Caramiñal: sométese a información pública e consultas durante o prazo de dous meses contados a partir da publicación deste anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, para os efectos da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia; da Lei 6/2007, do 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia e da Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no ambiente.

Durante os prazos referidos, calquera persoa poderá examinar a dita documentación, en horario de oficina, nas dependencias da Consellería de Vivenda e Solo, sitas no polígono das Fontiñas, Área Central s/n, Santiago de Compostela, e nos concellos de Ribeira e A Pobra do Caramiñal e presentar ante esta consellería as alegacións, documentos e xustificacións que coide pertinentes.

Santiago de Compostela, 4 de agosto de 2008.

Daniel Pino Vicente
Director xeral do Instituto Galego da Vivenda e Solo

Anuncio do 4 de agosto de 2008 polo que se somete a información pública e consultas o proxecto sectorial do parque empresarial de Tamagos, no concello de Verín (Ourense), e o informe de sustentabilidade ambiental do proxecto sectorial do parque empresarial de Tamagos.

En cumprimento do disposto no artigo 25 da Lei 10/1995, do 23 de novembro, de ordenación do territorio de Galicia e no artigo 13 do Decreto 80/2000, do 23 de marzo, polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal; na Lei 9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación